



| Guía Docente          |   |          |                    |  |
|-----------------------|---|----------|--------------------|--|
| Datos Identificativos |   |          |                    | 2024/25  |
| Asignatura (*)        | Practicum I   |          | Código             | 652G01028  |
| Titulación            |   |          |                    |  |
| Descriptorios         |   |          |                    |  |
| Ciclo                 | Período   | Curso    | Tipo               | Créditos   |
| Grao                  | 2º cuadrimestre   | Terceiro | Obrigatoria        | 9  |
| Idioma                | CastelánGalego  |          |                    |  |
| Modalidade docente    | Presencial  |          |                    |  |
| Prerrequisitos        | Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 90 créditos.  |          |                    |  |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía   |          |                    |  |
| Coordinación          | Gómez Sánchez, Tania Fátima   |          | Correo electrónico | tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es  |
| Profesorado           | Fernandez Prieto, Marta<br>Gómez Sánchez, Tania Fátima<br>Gonzalez Sanmamed, Mercedes<br>Gonzalez Seijas, Rosa María<br>Lema Moreira, Estefanía<br>Muñoz Cantero, Jesus Miguel<br>Roca Rábade, María Xesús<br>Suárez Canedo, Luís Román<br>Valle Arias, Antonio |          | Correo electrónico | marta.prieto1@udc.es<br>tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es<br>mercedes.gonzalez.sanmamed@udc.es<br>rosa.maria.gonzalez.seijas@udc.es<br>estefania.lemma@udc.es<br>jesus.miguel.munoz@udc.es<br>m.x.roca.rabade@udc.es<br>luis.roman.suarez@udc.es<br>antonio.valle@udc.es |
| Web                   | <a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum">www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum</a>  |          |                    |  |



|                         |  |
|-------------------------|--|
| <b>Descrición xeral</b> | <p>CORREO-E: vicedecanato.practicum.educacion@udc.gal</p> <p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas).</p> <p>Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais recomendablemente), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade.</p> <p>Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> |
|-------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| <b>Código</b>                       | <b>Competencias / Resultados do título</b> |

| Resultados da aprendizaxe  |     |                                     |  |
|--|-----|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe  |     | Competencias / Resultados do título |  |
| Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento | A5  | B2                                  |  |
|  | A19 | B4                                  |  |
|  | A20 | B5                                  |  |
|  | A22 |                                     |  |
|  | A30 |                                     |  |
|  | A31 |                                     |  |
|  | A66 |                                     |  |
| Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa  | A59 | B16                                 |  |
|  | A66 | B18                                 |  |
|  |     | B24                                 |  |
|  |     | B25                                 |  |



|  |                   |                                    |                |
|--|-------------------|------------------------------------|----------------|
| Observar a actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais. | A23<br>A65        | B1<br>B3<br>B8<br>B9<br>B15<br>B17 | C4             |
| Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo   | A62               | B3                                 | C7             |
| Reflexionar sobre as propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro  | A64               |                                    | C4<br>C7<br>C8 |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como profesionais dun centro educativo   | A60<br>A61<br>A63 | B6<br>B7<br>B14<br>B22<br>B24      |                |
| Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito  |                   | B11<br>B12                         | C1<br>C3       |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| A organización das institucións educativas  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven</li> <li>- O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc.</li> <li>- A cultura do centro escolar</li> </ul>  |
| O coñecemento do currículo da educación infantil e a súa concreción de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os niveis de concreción, o seu grao de coherencia e contextualización: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula</li> <li>- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc.</li> </ul>  |
| A xestión da aula na educación infantil como marco de referencia para un desenvolvemento integral que se constituía como base da aprendizaxe ao longo da vida | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula</li> <li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil</li> <li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li> </ul> |
| A reflexión sobre a práctica observada como ferramenta para a innovación e a mellora  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li> <li>- Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>  |

| Planificación         |  |   |                         |              |
|-----------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Saídas de campo       | A5 A19 A20 A22 A23<br>A30 A59 A60 A61<br>A63 A64 A65 A66 B2<br>B4 B5 B6 B7 B8 B16<br>B18 B24 C4 C8 | 125                                     | 0                       | 125          |



|   |  |   |    |    |
|---|--|---|----|----|
| Portafolios do alumno   | A31 A62 B1 B3 B9<br>B11 B12 B14 B15<br>B17 B22 B25 C1 C3<br>C7 | 0 | 80 | 80 |
| Análise de fontes documentais   | A30 A31 A62 B1 B3<br>B9  | 0 | 10 | 10 |
| Seminario   | B14 B22 C1 C7  | 8 | 0  | 8  |
| Atención personalizada  |  | 2 | 0  | 2  |
| <b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b> |  |   |    |    |

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Saídas de campo               | Constitúen as prácticas pedagóxicas: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.   |
| Portafolios do alumno         | Ver documento en Anexos  |
| Análise de fontes documentais | Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.  |
| Seminario                     | <p>1. 1 Sesión informativa inicial. Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum.</p> <p>2. Selección de centro.</p> <p>3. Un mínimo de dous seminarios de titoría obrigatorios durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- A segunda (ou posteriores) serán convocadas polo titor e tratarán as seguintes temáticas: Posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Asimesmo tratarase a Avaliación, para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul> |

| Atención personalizada |            |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías           | Descrición |
|                        |            |



|  |   |
|--|---|
| <p>Seminario</p> <p>Saídas de campo</p> <p>Portafolios do alumno</p> | <p>- O/a titor/a da Institución supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</p> <p>- O/a titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.</p> <p>-O/a titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</p> <p>-Na medida do posible un dos contactos co centro terá forma de visita.</p> <p>-Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p> |
|--|---|

## Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados  | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|--|---|---------------|
| Seminario             | B14 B22 C1 C7  | <p>O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Asistencia a todas as sesións presenciais</li> <li>- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.</li> </ul>   | 10            |
| Saídas de campo       | A5 A19 A20 A22 A23<br>A30 A59 A60 A61<br>A63 A64 A65 A66 B2<br>B4 B5 B6 B7 B8 B16<br>B18 B24 C4 C8 | O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.   | 45            |
| Portafolios do alumno | A31 A62 B1 B3 B9<br>B11 B12 B14 B15<br>B17 B22 B25 C1 C3<br>C7                                     | <p>O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Capacidade de relación teoría-práctica</li> <li>- Dominio conceptual e capacidade analítica</li> <li>- Capacidade para relacionar ideas e accións</li> <li>- Capacidade de argumentar e fundamentar</li> <li>- Expresión escrita propia e claridade expositiva</li> <li>- Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións</li> <li>- Capacidade de autoavaliación e autocrítica</li> </ul> <p>Orixinalidade da proposta</p> | 45            |

## Observacións avaliación



a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

2. Os seminarios non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

3. Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. No caso

de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagóxicas superadas

supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4

Validez da nota da estadía en prácticas Se só se aproba a estadía no centro de prácticas ou a saída de campo, a nota conservarase unicamente no curso académico en que se realizasen. No seguinte curso, o/a alumno/a terá que matricularse novamente e facer a estadía ou a saída de campo ao centro.

Fontes de información



|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <p>Desarrollo de escuelas inclusivas . Madrid: Narcea. Antúñez, S., Del Carmen, L. M., Imbernón, F., Parcerisa, A., &amp; Zabala, A. (2005). Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona: Graó. Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Morata. Apple, M. W., &amp; Beane, J. A., (Comps),. (1997). Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Bernstein, B. (1989). Clase y pedagogías visibles e invisibles. In J. Gimeno Sacristán &amp; Á. Pérez Gómez (Eds.), La enseñanza: su teoría y su práctica (pp. 54-72). Madrid: Akal Universitaria. Bolívar, A. (2000). Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid: La Muralla. Bruner, J. (1987). La importancia de la educación. Barcelona: Paidós. Coll, C., Martín, E., Mauri, T., Miras, M., Onrubia, J., Solé, I., et al. (1993). El constructivismo en el aula. Barcelona: Graó. Edwards, D., &amp; Mercer, N. (1988). El conocimiento compartido: el desarrollo de la comprensión en el aula. Barcelona: Paidós. Fernández Enguita, M. (1999). La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro. Madrid: Morata. Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. Fernández Pérez, M. (1994). Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid: SXXI. Freire, P. (1985a). La naturaleza política de la educación. Barcelona: Paidós. Freire, P. (1985b). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI. Gimeno Sacristán, J. (1997). El currículum: una reflexión sobre la práctica. Madrid: Morata. Gimeno Sacristán, J., &amp; Pérez Gómez, Á. I., (Comps),. (1997). Comprender y transformar la enseñanza. Madrid: Morata. Hargreaves, A. (1996). Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid: Morata. Hargreaves, A. (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona: Octaedro. Hernández, S., &amp; Ventura, M. (1992). La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona: Graó. Jackson, P. W. (1996). La vida en las aulas. Madrid: Morata. Kemmis, S., &amp; Mctaggart, R. (1996). Cómo planificar la investigación-acción. Barcelona: Laertes. Parra Ortiz, J. M. (2010). Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid: Gadeta Editorial. Perrenoud, P. (1996). La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid: Morata. Rodicio García, M. L., &amp; Iglesias-Cortizas, M. J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid: Biblioteca Nueva. Sánchez Blanco, C. (1994a). El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza: Edelvives. Sánchez Blanco, C. (1994b). La cooperación en Educación Infantil. A Coruña: Universidade da Coruña. Sánchez Blanco, C. (2000). Dilemas de la educación infantil. Vol. 1. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2001). De la educación infantil y su crítica: Reforma, investigación e innovación y formación del profesorado. Vol. 2. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2006). Violencia física y construcción de identidades: propuestas de reflexión crítica para las escuelas infantiles. Barcelona: Graó. Sánchez Blanco, C. (2009). Peleas y daños físicos en la educación infantil. Bos Aires: Miño y Dávila. Santos Guerra, M. Á. (1990). Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluación cualitativa de los centros escolares. Madrid: Akal. Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Barcelona: Paidós. Stainback, S., &amp; Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo. Madrid: Narcea. Steinberg, S. R., &amp; Kincheloe, J. L., (Comps),. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid: Morata. Stenhouse, L. (2003). Investigación y desarrollo del currículo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2001). Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2005). El currículo oculto. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006a). Globalización e interdisciplinariedad: el currículo integrado. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006b). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trillo, F., &amp; Sanjurjo, L. (2008). Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens.</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <p>Narraciones de la escuela. Barcelona: Editorial Davinci. Cantón, I., (Coord.),. (2010). Narraciones de maestros. Barcelona: Editorial Davinci. Diez Navarro, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. McCourt, F. (2005). El profesor. Madrid: Maeva. Pennac, D. (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Tonucci, F. (1988). Niño se nace. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.</p>   |

**Recomendacións**

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

